

NON TODO É O QUE PARECE

Eu coñecinte nun bar cando estabas a bailar

(Si, si, coñecichesme nun bar)

Acompañeite ao portal e me invitaches a entrar

(Si, si, viñeches ao meu portal)

E logo me abalancei e te biquei con paixón

(E che din un empurrón e no chan te deixei)

Non, non, non todo é o que parece, amigo

Hai que pensalo moi ben

Ai, ai, ás veces mete-la pata, tío

E todo sae ao revés

Invíteite a comer a un restaurante francés

(Si, si, invitáchesme a comer)

E gastei un diñeiral e brindamos con champán

(Si, si, tomamos moito champán)

E logo quixen probar a suavidá da tua pel

(E eu enriba che tirei a botella de champán)

**Non, non, non todo é o que parece, amigo
Hai que pensalo moi ben
Ai, ai, ás veces mete-la pata, tío
E todo sae ao revés**

E logo che regalei un perfume de chanel

(E eu ao chan o tirei pois non me gusta ulir ben)

**Non, non, non todo é o que parece, amigo
Hai que pensalo moi ben
Ai, ai, ás veces mete-la pata, tío
E todo sae ao revés**

**Non, non, non todo é o que parece, amigo
Hai que pensalo moi ben
Ai, ai, ás veces mete-la pata, tío
E todo sae ao revés**

1- Esta canción é un diálogo entre dúas persoas. Que valores pensas que se transmiten?

2- Parécenche valores positivos ou negativos? Por que?

3- Escolle unha canción que transmita valores positivos e por que pensas que é así.

4- Escolle unha canción que transmita valores negativos e or que pensas que é así. Cambia o que consideres preciso para que a historia da canción transmita valores positivos.